

# Linguas e Programa Erasmus<sup>1</sup>

Lidia Gómez García  
Paloma Núñez Pertejo  
Ignacio M. Palacios Martínez

## 1. Introducción

Este traballo é o resultado da nosa participación nun proxecto europeo denominado CMC, iniciais inglesas que representan *Communicating in Multilingual Contexts. Awareness and Development of Academic Language Skills for Mobility Students*, é dicir, “Comunicación en contextos multilingües. Percepción e desenvolvemento de destrezas lingüísticas de carácter académico para alumnos de intercambio”, dentro do programa Sócrates ERASMUS, Acción Lingua 2, financiado pola Unión Europea. Os traballos previos e preparatorios deste proxecto comezaron en setembro de 2004, rematando en marzo de 2007. Unha segunda fase deste proxecto, á que aludiremos nas páxinas finais, tivo lugar durante os 2 últimos anos, a saber, 2008 e 2009.

Esta iniciativa xurdiu fundamentalmente como resposta á falta no mercado de ensino de linguas de material didáctico para a aprendizaxe de idiomas estranxeiros que tivera ao alumno Erasmus e de mobilidade como seu protagonista e eixo central. Así, o propósito principal foi a elaboración de materiais lingüísticos, cunha énfase especial en recursos multimedia, destinados a aqueles estudantes de intercambio que estiveran cursando un ano dos seus estudos universitarios no estranxeiro e para quen o dominio de destrezas lingüísticas relacionadas co ámbito académico resultara esencial e imprescindible.

Todas estas ferramentas foron deseñadas por equipos de traballo de 6 países europeos: Eslovaquia (Universidade Técnica de Košiciach), España (Universidade de Santiago de Compostela), Holanda (Centro de Linguas Modernas da Universidade de Maastricht), Italia (Universidade de Calabria), Portugal (Instituto Politécnico de Castelo Branco) e Reino Unido (Facultade de Ciencias Económicas e Políticas). Estes recursos didácticos foron confeccionados na lingua meta de cada un destes países, é dicir, eslovaco, español, holandés, italiano, portugués e inglés. No caso do español e do inglés, posto que se consideran idiomas máis maioritarios, o nivel dos materiais é

---

<sup>1</sup> Todo o labor presentado neste traballo foi posible grazas a a axuda concedida pola Unión Europea, códigos de referencia números 117025-CP-1-2004-1-IT-LINGUA-L2 e 135507-LLP-1-2007-1-IT-KA2K. Queda deste xeito aquí reflectido o noso recoñecemento e agradecemento que se fai tamén estensivo á coordinadora xeral de ambos os dous proxectos, a Profa. Carmen Argondizzo, da Universidade de Calabria (Italia), por brindarnos a oportunidade de colaborar nesta empresa.

bastante avanzado, equivalente ao nivel B2-C1 dentro dos 6 niveis que distingue o Marco Común Europeo de Referencia (cf. Consello de Europa, 2001). Con todo, nos outros 4 casos restantes, eslovaco, holandés, italiano e portugués, sobre todo eslovaco e holandés, o nivel é máis apropiado de principiantes (A2), xa que son idiomas máis minoritarios dentro da Unión.

## **2. Obxectivos**

### *2.1. Obxectivos xerais*

Como xa mencionamos máis arriba, o obxectivo principal deste proxecto foi a confección e o desenvolvemento de materiais lingüísticos multimedia cuxos destinatarios sexan estudantes de intercambio que estean cursando un ano dos seus estudos universitarios nalgún dos países involucrados no proxecto. De acordo co anterior, poderíase falar de obxectivos xerais a 4 niveis distintos: lingüístico (o elemento central é a aprendizaxe dunha lingua estranxeira), académico (está pensado para alumnos que estudien nunha universidade ou similar), cultural (trata de fomentar o mutuo coñecemento das diversas culturas europeas) e tecnolóxico (emprega as novas tecnoloxías case de maneira exclusiva). Por outra banda, aínda que os destinatarios principais son alumnos de intercambio, algunhas das actividades propostas tamén se poderían adaptar a outros cursos xerais destas linguas, xa que estes recursos son o suficientemente flexibles como para poder aplicarse a contextos educativos diversos. Nalgúns casos a presenza física do profesor será imprescindible, aínda que noutros o alumnado poderá traballar ao seu ritmo e de modo totalmente autónomo. Precisamente esta flexibilidade constitúe un dos valores engadidos destes instrumentos pedagóxicos.

### *2.2. Obxectivos específicos*

Entre os obxectivos máis específicos pódense distinguir os seguintes:

- Facilitar que os estudantes universitarios melloren a súa competencia lingüística na súa vertente oral e escrita, tal e como se require en contextos transnacionais de Educación Superior;
- Crear unha contorna de rede plurilingüe que se dirixa á formación de estudantes de intercambio en lingua estranxeira, incrementando a súa preparación de forma adecuada e efectiva;
- Promover unha contorna plurilingüe e culturalmente diversa. Isto implica que neste proxecto non soamente teñen cabida as destrezas lingüísticas, senón tamén as experiencias interculturais na liña do establecido no Marco Común Europeo de

Referencia (Consello de Europa, 2001) e no Portfolio Europeo das Linguas (Consello de Europa, 2000). Non se trata unicamente de fornecer ao alumnado cunha serie de ferramentas e destrezas lingüísticas senon tamén con competencias e destrezas interculturais que lle permita comprender e valorar mellor a sociedade e a contorna académica onde está a desenvolver a súa actividade humana de relacións sociais cotiás e o seu labor pedagóxico;

- Contribuír ao desenvolvemento de habilidades académicas e profesionais: tomar notas, resumir textos e artigos, salientar a información importante, identificar marcadores do discurso e palabras clave dun texto, realizar breves presentacións orais, participar de maneira activa en seminarios académicos, redactar un curriculum vitae de acordo coas directrices europeas, atopar información na rede, familiarizarse co uso de obras de consulta como dicionarios, gramáticas e glosarios das linguas que están a estudar, adquirir hábitos de traballo propios do estudo dun idioma;
- Desenvolver a diversidade cultural e lingüística como medio de fomentar a solidariedade entre a poboación xuvenil;
- Promover o coñecemento doutros países e culturas;
- Fomentar o uso das novas tecnoloxías para que estes estudantes poidan acceder a materiais adaptados ás súas verdadeiras necesidades;
- Favorecer a comunicación entre o alumnado de diferentes linguas nativas e de diferente procedencia cultural antes de iniciar o seu programa de estudos na universidade estranxeira que elixan mediante a posta en marcha dun foro que sirva para o intercambio de ideas e opinións; e, para rematar,
- Incentivar a autonomía do alumno na súa aprendizaxe na liña doutras metodoloxías actuais no ensino de segundas linguas (Dickinson, 1987; Sheerin, 1989).

### **3. Destinatarios**

Tal como se sinalaba anteriormente, os destinatarios por excelencia deste proxecto serán alumnos de intercambio que desexen ter unha experiencia universitaria no estranxeiro e que, para iso, necesiten dominar as habilidades lingüísticas que lles permitan desenvolverse nun contexto académico. No entanto, estudantes con características similares noutros contextos educativos tamén poderán verse beneficiados polos recursos deste proxecto.

### **4. Traballo preliminar**

Previamente á elaboración destes materiais didácticos leváronse a cabo as tarefas seguintes:

a) Avaliación dos materiais dispoñibles en cada unha das 6 linguas para a aprendizaxe destes estudantes. No noso caso, analizáronse e avaliáronse materiais didácticos existentes en español como lingua estranxeira dirixidos a alumnos con este perfil. Os resultados obtidos foron realmente moi pobres posto que non se atoparon materiais didácticos que estiveran deseñados tendo en conta as necesidades obxectivas e suxeitivas dos membros deste colectivo (Gómez García e Fernández Granda, 2007). O ábano de materiais relacionados con ELE é hoxe en día moi amplo pois se dispoñen non só de libros de textos e recursos electrónicos de español con fíns xerais, senon tamén existen abundantes manuais con fíns específicos: español para os negocios, español técnico, (bio)médico, académico, informático, etc.

b) Análise das necesidades lingüísticas destes estudantes. No noso traballo, prestouse unha atención especial ás necesidades do alumnado Erasmus da Universidade de Santiago (USC). Parecía evidente que previo ao deseño duns materiais, compría facer un estudo preliminar investigando as necesidades de aprendizaxe dos suxeitos aos que estes materiais ian estar dirixidos. Do contrario, todo o proceso de elaboración destes recursos se realizaría en abstracto sin contar con ningún perfil concreto de posible destinatario.

## **5. Estructura e organización**

As actividades que conforman estes materiais están organizados ao redor de 2 módulos de 4 unidades cada un, é dicir, 8 unidades en total para cada unha das 6 linguas que integran o mesmo. Estas unidades viran ao redor de diferentes eixos temáticos relacionados coa vida dos estudantes Erasmus na súa experiencia estranxeira. Os seus contidos lingüísticos foron concibidos de acordo cos descritores establecidos no Marco Común Europeo de Referencia<sup>2</sup>. Nesta liña, estes 2 módulos quedaron organizados como segue:

- Módulo 1
  - a) Familiarizándose co campus;
  - b) Técnicas de estudo;

---

<sup>2</sup> Os descritores do Marco están redactados de forma positiva, é dicir, en función do que os alumnos son capaces de facer. Existen descritores para cada un dos 6 niveis, desde o A1 ao C2, e para as 5 destrezas lingüísticas: expresión oral, interacción oral, expresión escrita, comprensión oral e comprensión escrita.

- c) Cursos académicos en liña; e
- d) Elaboración dun Currículum Vitae;
- Módulo 2
  - a) Presentacións orais;
  - b) Seminarios académicos;
  - c) A vida cotiá fóra do campus; e
  - d) Traballos en liña.

Con respecto ao tipo de programa, cómpre sinalar que non se trata dun programa tradicional baseado en estruturas gramaticais, funcións lingüísticas ou campos léxicos determinados. Pola contra, pódese falar dunha aproximación baseada en tarefas, xa que da realización das mesmas, se desprenden as estruturas, funcións e léxico co que se vai traballar (Candlin e Murphy, 1987; Long e Crookes, 1992; Crookes e Gass, 1993; Ribé, 1997). É igualmente importante sinalar que, posto que se empregan recursos multimedia, o contido e formato das actividades propostas estarán condicionados polas esixencias propias desta ferramentas técnicas. Isto quere dicir que as características tecnolóxicas imponen neste caso determinadas limitacións que teñen como resultado un formato de actividades onde a espontaneidade e creatividade do alumnado estará en ocasións demasiado controlada.

## **6. Análise das necesidades dos alumnos de intercambio**

Tal e como sinalábamnos anteriormente, considerouse necesario levar a cabo unha análise de necesidades dos usuarios potenciais destes materiais co fin de que o noso programa de traballo estivese convenientemente fundamentado e non se basease en principios ou suposicións teóricas que non respondesen en absoluto ás carencias e intereses destes estudantes. Esta análise de necesidades levouse a cabo no outono de 2004 unha vez que estes alumnos de intercambio xa se incorporaran plenamente á vida académica da universidade. A importancia da realización dunha análise de necesidades previo á posta en marcha dun programa lingüístico vén suficientemente avalada por toda a bibliografía especializada en deseño e desenvolvemento curricular (Dubin e Olshtain, 1986; White, 1988; Johnson, 1989; García Santa-Cecilia 2000). Para tal propósito, elaborouse un cuestionario con trece ítems, o mesmo para os 6 países integrantes do proxecto, organizado ao redor de 4 epígrafes fundamentais:

- Datos do alumno;

- Información sobre o intercambio cultural;
- Preparación lingüística; e
- Necesidades de habilidades académicas.

Ademais de incluír datos de natureza obxectiva, no cuestionario preguntábase ao alumnado polas razóns que lles levaron a participar no programa de intercambio: se recibirán algún tipo de preparación ou formación na súa universidade de orixe antes de viaxar ao centro de destino, se o seu nivel de competencia lingüística fora un dos criterios que se tivera en conta á hora de ser seleccionados e, de ser así, en que medida influíra na decisión final, etc. Para rematar, se lles pedía que fixeran unha valoración, nunha escala do 1 ao 4, dunha serie de afirmacións relacionadas con destrezas lingüísticas e académicas. O formato do deseño xeral da análise de necesidades estivo condicionado polo feito de que se tiña que adaptar a contextos e linguas diferentes.

En total responderon a este formulario vintetres alumnos de intercambio da USC de entre vinteun e vinteseite anos, de diversas nacionalidades (ingleses, malteses, belgas, franceses, alemáns, italianos, checos e polacos), e procedentes de titulacións diversas: filoloxía hispánica, ciencias políticas, historia, dereito, educación e informática. Todos eles estaban a realizar parte dos seus estudos na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.

Entre as conclusións máis relevantes extraídas da análise dos cuestionarios, destacamos as seguintes:

- De acordo coas respostas analizadas, as dúas razóns principais para participar neste tipo de intercambios son vivir novas experiencias e aprender unha lingua estranxeira;
- A maioría destes alumnos senten a necesidade de que se celebren máis reunións informativas nas universidades de destino;
- Aparentemente, o dominio da lingua da universidade de destino non acostuma ser un criterio relevante que se teña en conta no proceso de selección;
- Case ningún destes estudantes está familiarizado co Marco Común Europeo de Referencia, nin con todo o que implica;
- A maior parte dos enquisados considera que o coñecemento dunhas destrezas básicas da lingua meta son necesarias para a vida cotiá e tamén para a actividade académica. Con todo, considéranas secundarias para actividades de carácter social e de lecer;

- En xeral, todo eles autoavaliáanse de forma moi positiva nos seus coñecementos e capacidades da lingua meta, é dicir, no español neste caso concreto;
- Para rematar, consideran que o tomar notas en clase e a comprensión de contidos son os aspectos máis importantes. Con todo, outras cuestións, como a solicitude dun emprego ou a confección dun CV son moito máis secundarias e non merecen, na súa opinión, tanta atención.

## **7. Descrición dos materiais e das actividades didácticas**

A continuación pasamos a comentar os contidos e características das actividades didácticas deseñadas que están organizadas nos 2 módulos. Os resultados deste traballo están xa colgados na páxina web que o equipo deseñou ao efecto, estando á disposición de calquera usuario de xeito totalmente libre e gratuíto.

(ESPAZO PARA PANTALLA CMC)

Tal como se explicaba anteriormente, cada módulo consiste en 4 unidades cunha estrutura bastante similar. Comezaremos entón pola descrición das 4 leccións que constitúen o primeiro módulo.

### *7.1. Módulo 1*

Na elaboración da primeira unidade (*Familiarizándose co campus*), incluíronse 6 gravacións en vídeo de 6 situacións reais en lugares diferentes do campus norte da Universidade de Santiago de Compostela (comedor universitario, Centro de Linguas Modernas, biblioteca, despacho da coordinadora Erasmus, axencia de viaxes e oficina bancaria), todas elas coa participación de diferentes estudantes de intercambio que se prestaron a facer de improvisados actores. Con iso preténdese familiarizar a este alumno con diversas situacións ás que terá que enfrontarse unha vez se atope na universidade de destino (coñecer ao seu coordinador/a, ir ao comedor universitario, dirixirse á biblioteca para coñecer o seu funcionamento, decatarse da oferta de cursos de español, etc.). Pártese entón de situacións reais con protagonistas tamén moi semellantes aos reais co fin de que os usuarios destes materiais se poidan identificar o máis posible con eles e atopen a maior practicidade e utilidade.

O alumno terá acceso aos vídeos de forma directa e inmediata, para escoitar e visualizar todas as situacións e poder así realizar as actividades confeccionadas para cada un deles. Accédese aos vídeos desde a páxina principal do CMC, facendo clic en

España e logo en actividades didácticas. Aquí aparecen as oito unidades dos Módulos 1 e 2; xa dentro da unidade 1, *Familiarizándose co campus*, atopámonos cos vídeos aos que nos vimos de referir. Para a gravación destes materiais audiovisuais contouse no noso caso coa axuda do persoal do SERVIMAV (Servizo de Medios Audiovisuais) da propia USC. Isto garantiu que a calidade deste material audiovisual fora dunha mínima calidade técnica, o cal é sen dúbida algunha importante cando se está a traballar con tarefas de comprensión oral.

As actividades programadas para esta primeira unidade, 5 por cada vídeo, seguen todas elas o mesmo esquema. Na actividade 1, se lle pide ao alumno que escoite a primeira parte do diálogo e que ordene despois o resto. A continuación, se lle facilita a última sección dese mesmo diálogo con espazos que debe encher (actividade 2). A terceira actividade consiste nun exercicio de elección múltiple que inclúe vocabulario e expresións relacionadas co diálogo correspondente, das que deberá seleccionar só unha delas. O exercicio 4 é de carácter máis libre, xa que o alumno terá que completar un diálogo similar ao que escoitou, pero para o que terá que propor as súas propias respostas de acordo co que diga o seu interlocutor en cada caso. Para rematar, a actividade 5 consiste nun exercicio de emparellar unha serie de conceptos e o seu significado no contexto do diálogo.

Este tipo de actividades repítese, como xa dixemos, logo de cada un dos vídeos que se montaron para ilustrar as 6 situacións anteriormente descritas. En cada caso tamén aparece, ao final dos exercicios propostos, un apartado de funcións lingüísticas, un glosario de termos relevantes e a clave para a corrección de todas as actividades. Estas ferramentas son especialmente interesantes cando o alumno traballa de forma autónoma xa que lle permite corrixir posibles erros e ter control sobre o seu propio progreso.

A unidade 2 deste módulo primeiro ten como obxectivo abordar diferentes técnicas de estudo e consta igualmente de 5 actividades. A primeira inclúe 5 textos distintos: recomendacións xerais para alumnos de intercambio, programa dunha materia, artigo de carácter científico, impreso sobre a matrícula na USC e información sobre aloxamento en residencias universitarias. Programáronse 3 actividades (1a, 1a' e 1b) sobre os contidos destes textos. En primeiro lugar, se lle pide ao alumno que extraia a idea principal de cada pasaxe para posteriormente anotar nunha táboa as palabras ou expresións clave de cada un deles. Finalmente, se lle insta a que, utilizando as notas que tomou, emparelle os devanditos textos cos seus títulos respectivos.



Para a tarefa 2, proporciónase un texto diferente aos 5 anteriores e de maior extensión. O texto aparece desordenado, sendo necesario reorganizalo (primeiro exercicio), tomando nota das palabras clave que lle permita ao alumnado saber de que tipo de texto se trata. Por último, deberá facer unha listaxe con todos os marcadores do discurso presentes no pasaxe. Para iso se ilustra este concepto cun exemplo. Para a actividade 3, deseñáronse 3 subtarefas, tendo como base o texto anterior, é dicir, o texto do exercicio 2. Neste caso, débese tomar nota do título, subtítulo, fonte, tema principal, palabras ou oracións de interese, punto de vista do autor e opinión persoal sobre o artigo. A continuación, o estudante deberá unir os títulos propostos cos parágrafos correspondentes e, finalmente, tras unha nova revisión do texto, completará unha táboa coa información necesaria extraída do artigo. Para a actividade 4, facilítase un novo texto, distinto de todos os anteriores, co fin de que o alumnado complete un resumo sobre o mesmo utilizando as súas propias notas. A última actividade da unidade 2 engloba todos os textos que o alumnado viu ata o momento (7 en total), co fin de que localice termos ou expresións equivalentes a unha serie de definicións propostas e de que propoña sinónimos doutras que tamén se facilitan con axuda dun dicionario monolingüe. Para rematar, inclúese un breve apéndice coa clave das actividades desta unidade.

A unidade 3 supón un achegamento aos cursos académicos que se ofertan en liña. Para iso, os estudantes utilizarán como ferramenta de traballo a páxina electrónica da USC. Así, para realizar a actividade 1 terán que buscar a información necesaria para poder responder a unha serie de preguntas relacionadas coa contorna académica desta institución. A actividade 2 ten como obxectivo o emparellamento dunha serie de titulacións universitarias coa súa correspondente descrición a través de determinados parámetros: obxectivos formativos, coñecementos e competencias, características educativas e saídas profesionais. A actividade 3 adopta o formato de preguntas de elección múltiple, é dicir, débese elixir unha soa resposta adecuada a unha serie de preguntas que, novamente, están ligadas a cuestións de tipo académico. Na actividade 4 o alumno ha de encher un formulario en liña para un curso de español para estranxeiros, proporcionándolle unha folla de inscrición que lle pode servir como guía e exemplo. Para rematar, para a quinta actividade, se lle presentan unha serie de fotografías relacionadas tamén coa vida académica e a vida nun campus universitario que haberá de relacionar cunha serie de frases-comentario referidas a cada unha delas. Do mesmo

xeito que nas unidades precedentes, inclúense tamén un glosario de termos relevantes e a clave das actividades propostas.

A última lección do módulo primeiro, Curriculum Vitae, pretende introducir ao alumno de intercambio no modelo de CV europeo ou *Europass*, formato que se seguiu fielmente á hora de confeccionar as actividades desta unidade 4. En primeiro lugar, e logo de ler un CV que se baixou de internet, se lle pide ao estudante que complete unha táboa con información relativa a diferentes seccións e apartados incluídos nun CV. En segundo lugar, preténdese realizar agora o proceso inverso, é dicir, utilizando un CV distinto ao anterior, deberanse incorporar ao mesmo os nomes dos apartados e subapartados que faltan. Para iso, deberán utilizar como apoio e referencia o CV da tarefa anterior. A terceira actividade está intimamente conectada coas dúas precedentes, posto que haberá que gravar os datos dunha persoa no lugar do CV que corresponda.

Un anuncio de traballo é o reclamo da actividade 4 (4.1). O estudante terá que ler con detemento 3 CVs diferentes que se enviaron para cubrir o posto de traballo anunciado nun xornal (actividade 4.2) e encher unha serie de casillas de acordo co contido de cada CV (actividade 4.3). A continuación, deberá contestar á pregunta de cal deles é o máis adecuado para cubrir ese posto laboral (actividade 4.4). Xa, para rematar, na actividade 5 o estudante terá que elaborar o seu propio curriculum tendo en conta toda a información da que dispuxo nas actividades 1, 2, 3 e 4. Para iso, novamente se lle facilita o enderezo dunha páxina electrónica que poderá utilizar como guía para a resolución deste exercicio. Do mesmo xeito que no resto das unidades, nesta última do módulo 1 achégase tamén un glosario, diversas táboas de funcións lingüísticas e, por suposto, a clave das actividades propostas.

## 7.2. Módulo 2

Este módulo presenta unha organización interna semellante ao anterior. De aí que a nosa descripción sexa máis breve co fin de non abondar en ideas e principios xa comentado anteriormnte.

A unidade 5 basease en presentacións orais efectuadas por estudantes de intercambio na lingua meta. Está tamén organizada en 5 actividades diferentes. O obxectivo da primeira é proporcionarlle ao alumnado unha serie de pautas básicas para as presentacións orais mediante a realización dun exercicio de emparellamento de textos. A continuación, na actividade 2 desta unidade, se lle proporciona a transcripción escrita dunha presentación oral que está desordenada co fin de que a recompoña con sentido completo. Na terceira actividade chámase a atención sobre os conectores

textuais que se adoitan utilizar nas presentacións orais mentras que na seguinte actividade traballase vocabulario específico. Xa, por último, na actividade 5 se inclúe un vídeo cunha presentación oral sobre a que se terán que contestar unha serie de preguntas de comprensión.

A unidade 6 centrarase nos seminarios académicos que estes alumnos reciben na universidade de destino. O obxectivo fundamental desta lección é preparalos para que poidan seguir sen maiores dificultades seminarios académicos así como ter os recursos lingüísticos suficientes para poder preguntar ao profesor en caso de dúbida ou cando lles sexa necesario. As 5 actividades desta unidade están baseadas principalmente nun vídeo inicial sobre o cal se presentan toda unha serie de exercicios de completar ocos, establecer correspondencias, anotar palabras clave, facer unha pequena recensión dunha clase, etc.

A diferenza das anteriores, a unidade 7 ten como escenario unha localización fóra do campus universitario, co fin de dar a coñecer a cidade e o país onde estes alumnos van residir durante algún tempo. Neste caso a unidade está conformada por 6 seccións diferentes. O exercicio inicial trata de espertar o interese do alumnado sobre a cidade e o país onde vai residir ou está residindo, tendo que indicar se unha serie de afirmacións sobre determinados aspectos da súa xeografía e historia son verdadeiras ou falsas. O resto das actividades están focalizadas nun documento audiovisual co que se traballa desde un punto de vista lingüístico e intercultural, posto que se trata de acercar ao usuario á vida do país. O formato destes exercicios non difire en moito do de resto das unidades: emparellar textos, encher ocos, responder a preguntas de comprensión, tomar breves notas, buscar información na rede, etc. Por último, a unidade oito esta concibida como complemento á unidade 4 onde o alumnado aprendía a redactar un CV. Neste caso se trata de que o usuario saiba escribir unha carta de presentación para acompañar ao seu CV. Preténdese que o alumnado se poña en contacto dalgún xeito co mundo laboral e o mercado de traballo por medio da procura e solicitude de empregos en liña. Esta unidade, organizada igualmente en 5 tarefas de características similares ás do resto das unidades, serve como elemento de conexión coa segunda fase deste proxecto ao que nos referiremos na sección seguinte.

## **8. A segunda fase do Proxecto CMC: O Proxecto CMC\_E**

A segunda fase do proxecto CMC, denominado CMC\_E, siglas do inglés que responden a *Communicating in Multilingual Contexts Meets the Enterprises*, trata de

recoller a idea de que o Proxecto CMC, “Comunicación en Contexto Multilingües” da un paso adiante para comunicarse co mundo da empresa, ocupando un lugar propio na web das institucións participantes.

#### (ESPAZO PARA PANTALLA CMC\_E)

Esta segunda etapa do proxecto foi tamén financiada pola Unión Europea e levouse cabo durante o bienio 2008-2009, participando os mesmos socios que no caso anterior a excepción da universidade holandesa de Maatstricht cuxo lugar foi asumido pola Universidade Politécnica de Varsovia (*Wyższa Szkoła Informatyki, Zarządzania I Administracji*).

Este segundo proxecto quere dar resposta á unha carencia importante detectada na formación profesional do noso país, en particular, e da Unión Europea, en xeral, polo insuficiente dominio de linguas estranxeiras por parte do persoal da empresa, tal como se deduce do Informe ELAN<sup>3</sup> (Unión Europea 2006) e das propias manifestacións dos responsables e representantes empresariais sobre este tema.

Mediante esta iniciativa téntase proporcionar unha ferramenta multilingüe en liña que permita a promoción da aprendizaxe de linguas estranxeiras no mercado de traballo. De modo máis concreto, estes materiais promoven a adquisición dunha serie de destrezas lingüísticas de carácter profesional en inglés (nivel C1), español (nivel B2/C1), portugués (B1/b2), eslovaco (B1/B2) e polaco (A2/B1).

Este proxecto ofrece unha gran variedade de materiais en liña de carácter moi innovador, baseados nos resultados dunha análise de necesidades que se levou a cabo en distintos sectores do mercado laboral. Esta análise detectou necesidades importantes no coñecemento de linguas estranxeiras dentro das empresas e identificou áreas importantes onde sería importante incidir para lograr un maior coñecemento de idiomas por parte dos traballadores de diferentes sectores da industria e da economía.

---

<sup>3</sup> O informe ELAN (*Effects on the European Economy of Shortages of Foreign Language Skills in Enterprises*, é dicir, “Efectos na economía europea da insuficiencia de destrezas de linguas estranxeiras na empresa”, foi encargado pola Dirección Xeral de Educación e Cultura da Unión Europea ao CILT (Centro Nacional británico para as linguas), InterAct internacional e a un grupo de investigadores. O obxectivo principal deste informe era proporcionar á Comisión e aos seus responsables con información práctica así como unha análise sobre o uso dos idiomas por parte das empresas e o seu impacto no comercio internacional. Pódese obter máis información sobre este informe na seguinte páxina electrónica:

<<http://www.llas.ac.uk/news/2772>> (último acceso 31/12/2009).

Tal como se pode deducir do anterior, neste caso os destinatarios xa non son alumnos senon graduados universitarios que se estean preparando para entrar no mundo laboral e necesiten obter toda unha serie de destrezas lingüísticas que lles permitan ser máis competitivos na busca dun posto de traballo. Asemade, este material pedagóxico está tamén concibido para os propios traballadores en activo que compren desenvolver ou reforzar as súas competencia lingüísticas para poder levar a cabo o seu labor diario dun modo máis eficaz ou pensen en acceder a mellores postos de traballo onde o un bo coñecemento de linguas estranxeiras é imprescindible.

Ademais da vertente meramente lingüística, esta iniciativa europea tenta favorecer a comunicación intercultural, fomentando a diversidade lingüística, promovendo o uso das novas tecnoloxías na aprendizaxe de linguas estranxeiras a través dos propios contidos<sup>4</sup> e contribuíndo así ao aprendizaxe para toda a vida.

O Módulo CMC\_E componse de 5 unidades que se centran nos seguintes temas: Formación no posto de traballo, Administración, Negocios e Finanzas, Mercadotecnia e Tecnoloxía, e Medio ambiente. Cada unidade ofrece actividades que se concentran en competencias comunicativas relacionadas co entorno de traballo. Ponse un énfase especial en actividades cotiás das persoas que desenvolven o seu traballo nas empresas: manter conversacións telefónicas, redactar correos electrónicos, tomar notas, escribir informes, etc. Pero ademais desto se presta unha atención singular a outras tarefas que son propias desta contorna como as seguintes: preparación dunha entrevista de traballo, presentacións orais con vistas a promocionar un produto ou dar publicidade a un proxecto empresarial, organización dinámica dunha reunión, xestión administrativa de diversos documentos, participación nunha mostra, concorrencia a concursos públicos para empresas, etc. As técnicas en liña permiten presentar actividades amenas que animan aos usuarios a "xogar coa lingua". Ao igual que no caso anterior todo este material é de acceso libre, estando dispoñible para toda a persoa interesada.

---

<sup>4</sup> Esta metodoloxía coñécese habitualmente coas iniciais inglesas de CLIL (*Content and Language Integrated Learning*), CBI (*Content-based Instruction*), CILT (*Content Integrated Language Teaching*). Na nosa contorna fálase de “ensino da lingua a través de contidos” ou incluso como “clases bilingües”. Para obter máis información sobre esta metodoloxía e as súas implicacións, se poden consultar as páxinas electrónicas seguintes:

<<http://www.teachingenglish.org.uk/think/methodology/content.shtml>>,

<<http://www.everythingsl.net/lessons>>,

<<http://www.carla.umn.edu/cobalitt/index.html>> (derradeiro acceso 31/12/2009)

Xa, por último, é importante sinalar que todos os materiais de ambos os 2 proxectos foron, antes do súa difusión xeral, pilotados en varias ocasións en situacións e con estudantes reais co fin de mellorar primeiras versións e introducir as melloras correspondentes. Así mesmo, se estableceron contactos con empresas no ámbito galego para difundir o proxecto e tratar de prestar un servizo á sociedade. Estase a contemplar tamén a figura dun titor que puidera dar resposta ás preguntas e dúbidas que puideran xurdir dos posibles usuarios. Os resultados destes 2 proxectos terán que ser valorados nos próximos anos; agora parece totalmente necesario articular un sistema de seguimento e avaliación dos resultados dos mesmos co fin de poder avaliar o grao de logro dos seus obxectivos previstos.

### **Referencias bibliográficas**

- Candlin, Christopher y Murphy, D.F. (eds.) 1987. *Language Learning Tasks*. Englewood Cliffs N.J.: Prentice Hall/Lancaster University.
- Council of Europe. 2000. *European Language Portfolio (ELP): Principles and Guidelines*. Strasbourg. Council of Europe. (As versións españolas do Portfolio para educación infantil, primaria, secundaria e adultos foron promovidas polo Ministerio de Educación e validadas pola Axencia Europea no 2003. Para maior información, pódense consultar as páxinas electrónicas seguintes:  
<[http://www.mec.es/programas\\_europeos/jsp/plantilla.jsp?id=343](http://www.mec.es/programas_europeos/jsp/plantilla.jsp?id=343)>,  
<<http://culture2.coe.int/portfolio>>
- Council of Europe. 2001. *Common European Framework for Languages: Teaching, Learning and Assessment*. Cambridge: Cambridge University Press. (Existe unha tradución ao galego realizada pola Xunta de Galicia do 2005 co título *Marco Europeo Común de Referencia para as Linguas*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia-Centro Ramón Piñeiro).
- Crookes, Graham y Gass, Susan. (eds.) 1993. *Tasks in a Pedagogical Context: Integrating Theory and Practice*. Clevedon: Multilingual Matters.
- Dickinson, Leslie. 1987. *Self-Instruction in Language Learning*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Dubin, Fraida y Olshtain, Elite. 1986. *Course Design. Developing Programs and Materials for Language Learning*. Cambridge: Cambridge University Press.
- García Santa-Cecilia, Álvaro. 2000. *Cómo se diseña un curso de lengua extranjera*. Madrid: Arco.

- Gómez García Lidia e Fernández Granda, Ana Banesa. 2007. "Trabajo Preliminar del Proyecto CMC: Análisis y evaluación de materiales didácticos existentes para la enseñanza de español". En R. Mairal et al., *Actas del XXIV Congreso Internacional de AESLA*. Madrid: Universidad Nacional de Educación a Distancia (UNED), faltan páxinas.
- Johnson, Keith (ed.) 1989. *The Second Language Curriculum*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Long, Michael y Crookes, Graham. 1992. "Three Approaches to Task-Based Syllabus Design". *TESOL Quarterly* 26: 27-56.
- Ribé, Ramón. 1997. *Tramas creativas y aprendizaje de lenguas*. Barcelona: PPU.
- Sheerin, Susan. 1989. *Self-access*. Oxford: Oxford University Press.
- White, Ronald V. 1988. *The ELT Curriculum*. Oxford: Basil Blackwell.